

**PLAN XERAL DE ORIENTACIÓN
PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL**

IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

Curso 2023-2024

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

- 1.1. Datos de identificación do Dpto. de Orientación e contexto que abarca.
- 1.2. Funcionamento.
- 1.3. Contextualización.
- 1.4. Instalacións.
- 1.5. Alumnado
- 1.6. Profesorado do centro e departamentos didácticos.

2. MARCO LEGAL

3. MARCO TEÓRICO - PRÁCTICO.

4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS PARA O CURSO 2023-2024.

- 4.1. Avaliación de necesidades.
- 4.2. Obxectivos xerais
- 4.3. Liñas prioritarias de actuación.

5. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN.

- 5.1. Plan de Atención á Diversidade.
- 5.2. Plan de Acción Titorial.
- 5.3. Plan de Orientación Académico e Profesional.

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

7. METODOLOXÍA.

8. RECURSOS EMPREGADOS.

9. TEMPORALIZACIÓN.

10. AVALIACIÓN.

INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/ 2006, do 3 de maio de Educación, que establece o novo marco no que se van desenvolver todas as accións educativas, incluída a actividade orientadora, recolle entre os seus principios básicos:

- Calidade de educación para todo o alumnado.

- Equidade que garanta a igualdade de oportunidades.
- Esforzo compartido por todos os compoñentes da comunidade educativa.

Na elaboración deste plan de orientación hai que ter en conta ademáis os novos conceptos que introduce a LOE, e máis recentemente a LOMLOE, entre os máis relevantes están as competencias básicas: a bagaxe formativa indispensable que debe desenvolver un alumno ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permante ao longo da súa vida.

Dentro deste novo marco, o Decreto 120/ 1998 do 23 de abril (DOG 27 de abril) , polo que se regula a a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 24 de xullo (DOG 31 xullo) que o desenvolve.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, desenvolto pola Orde do 8 de setembro de 2021, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes na nosa Comunidade Autónoma, establece que o obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros nos que se escolariza.

Máis recentemente, a publicación da Ley Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, recolle especificamente para a ESO, que coa finalidade de facilitar que todos os alumnos e alumnas logren os obxectivos e acaden un axeitado grao de adquisición das competencias correspondentes, as Administracións educativas establecerán medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

Entendemos así a orientación como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa e abrangue a toda a poboación escolar, calquera que sexa o tipo e grao de diversidade que presente. Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino- aprendizaxe e á toma de decisións.

Nesta liña, o departamento de orientación posibilitará que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e que se estableza unha vía de asesoramento permanente ao alumnado, ao profesorado e ás familias, mediante un plan de actuación común entre os profesionais do instituto, dos centros adscritos e dos servizos externos (asistentes sociais, centros de recursos, equipos específicos, concello...).

1.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

1.1. Datos de identificación do Departamento de Orientación e contexto que abarca.

O Decreto 120/ 1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, establece a composición dos Departamentos de Orientación, que no noso I.E.S. queda constituido para o presente curso por:

Responsable do Departamento :
Guillermina Souto Rey.

Profesoras de Pedagogía Terapéutica do IES:
Patricia Cinza Sanjurjo.
Giovanna Fernández Rilo

Xefes de Departamento de Centros adscritos ao instituto:
Juan Castro Rivas(CEIP “Ramón de la Sagra”)
Jorge Vidal Franco(CEIP “M^a Pita”).

Profesoras do IES
Sheila Vázquez Vaquero (*Ámbito científico*)
Concepción Liñares Costa (*Ámbito lingüístico*)
Pilar Iglesias Sánchez (*Pedagoga*)

O contexto de actuación será o que se refire ao propio centro e aos centros adscritos, priorizando nas actuacións a funcionalidade, a operatividade e a colaboración coas institucións e servizos do entorno.

1.2. Funcionamento.

Realizaranse reunións periódicas co obxecto de avaliar as necesidades que vaian aparecendo ao longo do curso , valoralas e poñer en marcha os programas de intervención máis axeitados en cada caso.

As reunións cos membros do centro base, para cumprir as funcións establecidas, na Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo), terán unha periodicidade mensual e trimestralmente realizaránse as reunións cos titulares dos departamentos de orientación dos centros adscritos.

1.3.- Contextualización.

Centro de titularidade pública situado na cidade de A Coruña. A oferta educativa abrangue o ensino secundario obrigatorio.

O alumnado procede na súa maioría dos centros adscritos e hai un pequeno número de alumnos/as de asentamentos xitanos e inmigrantes de diversa procedencia.

1.4. Instalacións.

O centro conta con aulas para impartir docencia aos alumnos/as, e outras auxiliares (para desdobres, laboratorio, informática...), departamentos para o profesorado, biblioteca, pavillón polideportivo, departamentos didácticos, sala de profesores, despachos de dirección, xefatura de estudos, secretaría, departamento de orientación, e administración.

1.5.Alumnado.

No curso 2023/ 2024 contamos cun total de 390 alumnos distribuídos así:

CURSO	NIVEL	Nº ALUMNOS	Nº GRUPOS
--------------	--------------	-------------------	------------------

1º	ESO	74	3
2º	ESO	123	5
3º	ESO	94	(4+1PDC)
4º	ESO	72	(3+1PDC)

1.6. Profesorado do centro e departamentos didácticos.

Entre os recursos persoais, este curso contamos con 38 profesores que forman parte dos departamentos de: Artes Plásticas, Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Educación Física, Física e Química, Francés, Economía, Inglés, Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas, Música, Relixión, Tecnoloxía e Orientación.

2.- MARCO LEGAL.

- *Lei Orgánica 2/ 2006, de 3 de maio, de Educación (BOE do 4 de maio).*
- *Decreto 120/ 1998 do 23 de abril pola que se regula a orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia (DOG do 27/04/98).*
 - *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia (DOG do 31/07/98).*
 - *Decreto 86/2010 que establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma Galega (DOG 29/06/2015).*

3.- MARCO TEÓRICO-PRÁCTICO.

As actuacións do departamento do IES “Ramón Otero Pedrayo” estarán baseadas no marco legislativo citado con anterioridade e nos principios teórico-prácticos recollidos no Decreto 120/1998, do 23 de abril, e na Orde do 24 de xullo de 1998:

- A Orientación forma parte do sistema educativo para favorecer a calidade da ensinanza: Titoría e Orientación do alumnado forman parte da función docente.
- As finalidades da Educación son: transmitir a cultura da sociedade, aprender a asumir deberes e exercer dereitos, incorporarse á vida activa con garantía de éxito.
- En consecuencia co anterior, a Lei propón unha educación *comprendiva* (para todos), *terminal* (ten un fin en si mesma) e *propedéutica* (prepara para futuros estudos).
- Garantírase a orientación persoal, académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos/as, prestando singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios.
- A Orientación ofrece unha atención individualizada e global: integra aspectos do desenvolvemento persoal, atención ao proceso de ensinanza-aprendizaxe e toma de decisións.
- A Orientación debe realizarse por profesionais e en equipo.
- Debe ser un proceso continuo: ofertarase aos alumnos nos distintos momentos e niveis da escolarización, dende os primeiros momentos para a prevención e detección temperá de dificultades, ata os momentos de especial relevancia como o cambio de etapa, elección de optativas, etc.
- A Orientación debe estar aberta ao mundo laboral e ás necesidades do contexto.
- Debe promover a cooperación familia-escola e dinamizar aos axentes educativos.
- Debe capacitar ao alumno/a para a adquisición das competencias básicas.

Para responder a estes principios, o modelo de orientación será un modelo *sistémico*: a orientación estará incardinada dentro do centro e do currículo como un elemento máis.

4.-, PLANIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS, OBXECTIVOS XERAIS E ACCIÓNS PRIORITARIAS PARA O CURSO 2023-2024.

4.1. Planificación das actuacións e avaliación de necesidades

A avaliación inicial e o establecemento de necesidades e actuacións prioritarias realizarase no mes de setembro e outubro, co inicio do curso escolar.

Esta primeira fase de elaboración do Plan de Orientación é de recollida da información necesaria para a planificación das actuacións:

-Revisión dos documentos do centro (Normas de Organización e Funcionamento, PEC, Plan de Orientación e a Memoria do curso 2022/2023), coa finalidade de coñecer as actuacións previas, aquelas xa iniciadas que esixen continuidade e analizar e establecer as liñas prioritarias de actuación.

-Recabar a finais de curso a información psicopedagóxica dos alumnos/as que se incorporan ao IES.

- A información é completada coas aportacións dos membros do departamento de orientación, dos/as titores/as e o equipo directivo.

Desta análise, establecemos as seguintes necesidades:

Alumnado	<ul style="list-style-type: none">• Atención á diversidade: Desenvolvemento e seguimento das medidas de atención á diversidade.• Formación en habilidades sociais que favorezan a convivencia.• Aprendizaxe de técnicas de traballo intelectual para a ESO.• Orientación Académica e Profesional.
Profesorado	<ul style="list-style-type: none">• Coordinar o traballo nas titorías e asesorar no desempeño da función titorial.• Transmitir información sobre a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e características persoais dos mesmos.• Formación para atender á diversidade e á comprensividade educativa.• Orientar no relacionado coas competencias básicas, obxectivos, metodoloxías, actividades e procesos de avaliación formativa e orientadora, o apoio pedagóxico e promoción.
Familias	<ul style="list-style-type: none">• Necesidade de mellorar a participación dos pais/nais.• Información sobre as actividades académicas.• Asesoramento para a colaboración no proceso de ensino-aprendizaxe.
Centro	<ul style="list-style-type: none">• Colaborar na elaboración dos documentos internos do centro.• Colaborar coas diferentes institucións do entorno.• Asesorar en cuestións relativas a: Oferta educativa diversificada para atender as necesidades do alumnado, ás adaptacións curriculares, intervención psicopedagóxica, e en xeral aos elementos globalizadores e personalizadores da ensinanza.

4.2.Obxectivos xerais do Plan de Orientación.

4.2.1. En relación ao centro.

• Contribuír á persoalización da educación, é dicir, ao seu carácter integral, favorecendo o desenrolo de tódolos aspectos mediante unha educación individualizada, referida ás persoas concretas, coas súas aptitudes e intereses diferenciados.

- Colaborar na organización e planificación de actividades educativas relacionadas coa orientación persoal, académica e profesional.
- Aportar asesoramento psicopedagóxico á acción educativa do centro.
- Colaborar coas distintas institucións da zona: servizos sociais, culturais, de saúde...

4.2.2. En relación ao alumnado.

- Potenciar a orientación para todo o alumnado.
- Proporcionar apoio psicopedagóxico ao alumnado que o precise, planificando e implementando o Plan de Benestar Emocional.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos.
- Facilitar o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades e competencias básicas, e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, cambio de ciclo ou etapa, elección de optativas ou de itinerarios formativos, transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersonal.
- Informar dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lles faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.
- Facilitar a adquisición das competencias básicas mediante a titoría, as formas de traballo, os hábitos, a relación coas demais persoas e a imaxe propia.

4.2.3. En relación ao profesorado.

- Coordinar o traballo das titorías e asesorar aos profesores no desempeño da función titorial.
- Impulsar a posta en práctica nas titorías de programas relacionados con hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e actividades para traballar a estabilidade emocional nas distintas titorías
- Colaborar na detección de problemas educativos, de desenvolvemento e aprendizaxe que presenten os alumnos de cara a unha unha rápida intervención para tratar de solucionarlos.
- Asesorar en relación a actividades e procesos de avaliación formativa, reforzo e apoio pedagóxico, promoción de alumnos e todo aquilo que se demande.
- Demandar colaboración en aquelas actividades propostas polo departamento.

4.2.4. En relación ás familias.

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, canalizando a información a través dos tutores.
- Orientar de forma individual ou colectiva para que asuman responsablemente a educación e orientación dos seus fillos.

4.2.5. En relación aos centros adscritos.

Buscaremos a funcionalidade en tódalas intervencións realizadas, establecendo os contactos e reunións necesarios, figurando como obxectivos fundamentais:

-Asesorar, colaborar e participar cos centros adscritos, deseñando accións encamiñadas a asegurar a continuidade educativa e orientadora ao longo das diferentes etapas:

-Recadar a finais de curso a información psicopedagóxica dos alumnos que se incorporan ao IES.

-Planificar conxuntamente e levar a cabo no IES e nos propios centros adscritos, actividades de acollida e de coñecemento da ESO .

Todos estes obxectivos poderían sintetizarse en dúas grandes vertentes da orientación educativa:

- *A vertente escolar* que ten como obxectivo a optimización dos procesos de aprendizaxe.

- *A vertente vocacional* que pretende favorecer a madurez vocacional de maneira que lles permita aos alumnos facer fronte á toma de decisións.

4.3. Acci3ns prioritarias.

As li3ns de actuaci3n ser3n as seguintes:

- *Actuaci3ns que te3nan como obxecto a atenci3n 3 diversidade, e contribuir 3 elaboraci3n das medidas pertinentes, en especial no referido ao alumnado con necesidades de apoio educativo, a trav3s da:*

- Identificaci3n temper3 de necesidades. Dise3nar, en colaboraci3n co profesorado, acci3ns de atenci3n temper3 que proporcionen respostas educativas de car3cter preventivo e compensador 3s necesidades educativas espec3ficas.

- Revisi3n e, de ser o caso, modificaci3n das medidas de apoio que est3 a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe.

- Proposta de iniciativas que sup3nan a optimizaci3n dos recursos humanos e materiais dos centros.

- Asesoramento aos departamentos did3cticos para que nas respectivas programaci3ns incorporen distintos niveis de dificultade que dean resposta 3 diversidade presente nas aulas.

- Coordinaci3n cos orientadores dos centros adscritos coa finalidade de facilitar o tr3nsito entre as etapas educativas.

- *Desenvolver o plan de acci3n titorial, especialmente no referido a:*

- Incorporaci3n de contidos relacionados con habilidades sociais, autoestima, resoluci3n pac3fica de conflitos a trav3s de din3micas de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.

- Desenvolvemento das competencias b3sicas. Continuar co desenvolvemento do Programa de Habilidades Sociais para os catro niveis da ESO.

- Seguir coa actualizaci3n da P3xina Web do departamento con enlaces de material e bibliograf3a..

- Revisar o material da Aula Virtual, engadindo novo material, se f3se necesario.

- Desenvolver o Plan de Benestar Emocional.

- *Asesorar aos alumnos sobre os diferentes itinerarios acad3micos e profesionais, permit3ndolles tomar unha decisi3n sobre o seu futuro acad3mico dunha forma responsable e consciente.*

- Axudar ao alumno a adquirir un maior co3necemento de si mesmo: posibilidades, aptitudes, caracter3sticas persoais.

- Informar da oferta educativa entre o alumnado, incidindo nas condici3ns de acceso, caracter3sticas, titulaci3ns...

- Facilitar aos alumnos co3necementos sobre o mundo socio- laboral.

- Establecer acci3ns espec3ficas dirixidas a fomentar a igualdade no acceso 3 formaci3n profesional e aos estudos universitarios.

- Asesorar aos alumnos en situaci3n de risco ou abandono escolar.

- *Actuaci3ns en relaci3n 3 promoci3n da convivencia.*

- Colaboraci3n no desenvolvemento do Plan de Convivencia.

- *Actuaci3ns encami3adas a diminuir o absentismo escolar e o abandono temper3 dos estudos.*

- Colaborar cos titores na elaboraci3n dos protocolos de absentismo escolar.

5.-ESTRATEGIAS E 3MBITOS DE INTERVENCI3N.

5.1 PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. OBXECTIVOS:

1º Previr e detección temperá de alumnos/as con necesidades educativas especiais e con dificultades de aprendizaxe. O procedemento a seguir partirá da información das persoas titulares dos departamentos de orientación dos centros adscritos na xuntanza de finais de curso, dos informes dos alumnos que proceden de ditos centros, e das necesidades detectadas na avaliación inicial no IES que se realiza a principios de outubro e das probas psicopedagóxicas aplicadas tamén no propio centro.

2º Definir propostas concretas de atención para os alumnos/as con necesidades educativas especiais detectadas.

3º Participar no deseño e posta en funcionamento de novas medidas de tipo curricular e organizativo de atención á diversidade.

4º Participar na revisión dos criterios organizativos das MAD, realizar o seu seguimento e propoñer melloras e modificacións.

5º Valorar o desenvolvemento e grao de consecución dos obxectivos fixados para o alumnado dos grupos que van a cursar materias, como son os reforzos educativos en grupos reducidos, mediante desdobres e concreción das medidas do plan de atención á diversidade.

2. ACTIVIDADES:

2.1. COS ALUMNOS/AS:

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas de aqueles alumnos/as detectados con dificultades de aprendizaxe. Esta avaliación implica as seguintes actividades:
 - Recollida da historia escolar do alumno.
 - Entrevistas coa familia, titor, profesorado que lle imparte algunhas materias e co propio alumno avaliado.
 - Observación e análise dos traballos académicos.
 - Aplicación e corrección de probas estandarizadas e pedagóxicas.
 - Observación do estilo de aprendizaxe do alumno.
 - Redacción do informe psicopedagóxico.
 - Información e asesoramento ao titor e profesorado acerca da intervención educativa co alumno.
- Realizar o apoio docente directo por parte das Profesoras de Pedagogía Terapéutica, no horario que se estableza para tal actividade.
- Recollida de información persoal e académica dos alumnos/as.
- Información individualizada sobre os resultados das probas dos/as alumnos/as ó longo do curso.

- Cos alumnos/as con problemas de organización e rendemento académico a xuízo do titor e da xunta de avaliación: Entrevistas personais para detección dos problemas de rendemento e control dos mesmos.
- Deseño e seguemento do plan de medidas educativas para alumnos procedentes do estranxeiro, seguindo o protocolo establecido para a acollida do alumnado inmigrante no Proxecto Educativo do centro.

2.2 COS PROFESORES TITORES/AS:

- Información sobre os resultados das probas que se apliquen aos alumnos.
- Información sobre as orientacións propostas nos informes psicopedagóxicos.
- Asesoramento e propostas de intervención con cada grupo de alumnos/as, cando o titor o demande.
- Orientacións sobre a posta en marcha de medidas específicas de atención á diversidade cos alumnos/as do seu grupo:
 - Reforzos educativos dentro e fóra da aula.
 - Adaptacións curriculares significativas ou grupais.
 - Adaptacións na metodoloxía da clase.
 - Alumnado estranxeiro.
- Asesoramento sobre a proposta de alumnos/as para os Programas de Diversificación Curricular e a Formación Profesional Básica.

2.3. COS PROFESORES/AS DE MATERIA:

- Entrevistas cos profesores/as que así o soliciten para realizar orientacións na atención a alumno/as con necesidades educativas especiais ou outras problemáticas concretas.
- Aporte de documentación e asesoramento para o deseño das adaptacións curriculares individualizadas.
- Apoio ao titor na coordinación das avaliacións iniciais na ESO.
- Coordinación das reunións específicas para a elaboración das adaptacións curriculares.
- Seguimento das AC, o procedemento a empregar serán as xuntanzas trimestrais e xuntanza de finais de curso entre a persoa titular do departamento de orientación conxuntamente cos profesores titores, de materia e de Pedagogía Terapéutica que atenden a cada alumno/a obxecto de AC.

2.4. COS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS:

- Asistencia a reunións dos diferentes departamentos para asesorar sobre a posta en marcha de medidas específicas de atención á diversidade, cando estes o demanden.
- Asesoramento aos departamentos didácticos que o soliciten sobre criterios e técnicas de avaliación, aspectos metodolóxicos, secuenciación de obxectivos e contidos na elaboración de adaptacións curriculares.

2.5. COAS FAMILIAS:

- Entrevistas cos pais/nais dos alumnos/as propostos para FPB.
- Entrevistas coas familias para recabar información para realizar as avaliacións psicopedagóxicas.

2.6. NO PROPIO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

Nas reunións do Departamento de Orientación.

- Seguimento e avaliación trimestral das MAD.
- Actualización de materiais para a aula de Pedagogía Terapéutica.
- Elaborar a proposta das medidas de atención á diversidade para o vindeiro curso, trala revisión das necesidades dos futuros alumnos/as procedentes de primaria.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Será necesario avaliar todo o proceso de forma continua para detectar dificultades e solventalas de xeito inmediato. A avaliación final atenderá aos seguintes criterios:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos inicialmente.
- Se as medidas de apoios se axustaron ás demandas e necesidades reais .
- En que medida se desenvolveron as A.C. e a valoración final: adecuación de obxectivos, contidos ,metodoloxía, dificultades durante o seu desenvolvemento...
- En que medida se realizaron os reforzos demandados.

5.2 PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1. LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN:

O PAT é fundamental nunha etapa educativa como a ESO, posto que é unha etapa na que se da unha maior diversidade do alumnado, o cal carrega unha problemática de adaptación e de integración persoal e escolar. O PAT sempre debe ser a corde coas liñas xerais fixadas no PEC.

O desenvolvemento da acción titorial, debe abordar os seguintes aspectos:

1. O coñecemento e seguimento persoal do alumno/a a través de actividades de coñecemento das súas aptitudes, capacidades, intereses, motivacións,

grao de responsabilidade,... (Este coñecemento constituirá o punto de partida para en colaboración co resto dos profesores/as e do DO, deseñar estratexias que permitan incidir na mellora do desenvolvemento persoal e no rendemento académico).

2. A relación co grupo – clase: actividades que permitan lograr un clima adecuado de aula, a cohesión do grupo e posibilidades de participación nas decisións de aula.
3. A relación coas familias: a través de reunións periódicas ó longo de todo o curso.Os titores/as deberán coñecer as expectativas das familias con respecto ós fillos e establecer actuacións coordinadas entre a familia e o centro.
4. A relación co equipo docente: débese procurar que exista unha proposta pedagóxica común por parte do equipo do grupo de alumnos/as, así mesmo o titor deberá coordinar as respostas educativas que cada docente aporte dende as súas distintas programacións.

2. OBXECTIVOS QUE SE PROPÓN O D.O. CON RESPECTO ÁS TITORÍAS:

1. Ofrecer e facilitar os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades do PAT.
2. Ofrecer asesoramento para a posta en práctica das actividades grupais do PAT.
3. Deseñar e propoñer actividades específicas según xurdan necesidades novas nos grupos de alumnos/as.
4. Asesorar ós titores/as no desenvolvemento das súas funcións titoriais: cos alumnos/as, cos pais, co resto do profesorado.
5. Complementar a acción do titor na acción directa cos alumnos/as ou pais/nais cando así o requira o titor/a.
6. Avaliar o desenvolvemento do PAT.
7. Elaborar e recompilar novos materiais para a acción titorial, en tódolos grupos.
8. Desenvolver ó longo do curso un programa de habilidades sociais.

3. ACTIVIDADES:

3.1. COS ALUMNOS/AS:

- Asesoramento nas actividades do PAT (por ex. nas actividades de orientación vocacional), especificamente nas actividades de información académica do PAT, referidas a Bacharelato, FPB e Ciclos...
- Entrevistas persoais cos alumnos/as, para asesorar ante algunha problemática concreta (ex. asesoramento na organización do estudo na casa, información académica, ...).

3.2. COS TITORES/AS:

- Asesoramento continuo para a posta en práctica das actividades do PAT que os titores leven a cabo, sempre que así o demande cada titor.
- Entrevistas cos titores/as para informar das conclusións das avaliacións psicopedagóxicas realizadas ós alumnos/as con NEE.

3.3. COS PAIS/NAIS:

- Asistencia ás reunións entre o titor/a e as familias cando así o demande o titor/a e cando a presenza da orientadora ou do profesor de Pedagogía Terapéutica se considere necesaria.
- Colaborar na preparación das reunións de pais sempre que proceda.

3.4. **NO PROPIO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**

- Recabar información dos organismos especializados que impartan talleres, obradoiros, etc...sobre temas de interese para o alumnado, a desenvolver nas horas de tutoría, sempre tendo en conta a opinión titorial.
- Actualización dos materiais e recursos para a acción titorial.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Será necesario avaliar todo o proceso de forma continua para detectar dificultades e solucionarlas de forma inmediata. A avaliación final atenderá aos seguintes criterios:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos inicialmente.
 - Valorar a adecuación das actividades realizadas polo departamento ás necesidades e demandas dos titores.
 - Valorar a repercusión das actividades da acción titorial no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Valorar o grao de implicación e satisfacción dos titores, alumnado e familias nas actividades realizadas.
 - Analizar se os cauces de coordinación e reparto de responsabilidades axudaron a lograr os obxectivos propostos.
 - Valorar a adecuación das actividades aos intereses de alumno/as.
- Analizar a adecuación das técnicas e recursos empregados.

5.3 PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

Partindo das liñas xerais fixadas no PEC, no POAP hai que ter en conta:

- A orientación académico-profesional terá por obxeto axudar ós alumnos/as ó longo da etapa de educación secundaria a analizar e valorar-las súas preferencias académico – profesionais para que poidan formular libremente e responsablemente a súa decisión persoal. O POAP ten sempre en conta as liñas xerais do PEC.
- A orientación vocacional será tratada en toda a ESO de xeito progresivo, así no 1º , 2º e 3º curso da ESO, incidirase no autoconecemento e na aprendizaxe dos procesos de toma de decisións, entre outros aspectos, á hora de elixir as optativas, e no 4º curso da ESO no coñecemento das alternativas que se lle presenten ó rematar a escolaridade obrigatoria.

1.OBXECTIVOS:

1. Axudar ós alumnos/as na toma de decisións sobre as opcións académicas que se lle presenten ó longo da escolaridade.
2. Informar aos alumnos acerca das opcións académicas e profesionais ó remata-los estudos que estan cursando.
3. Informar sobre as características xerais dos estudos posteriores que escollen os alumnos/as ó final da etapa.
4. Informar ós alumnos/as sobre os criterios de promoción do centro.
5. Orientar cara outras alternativas educativas e ocupacionais a aqueles alumnos/as que por causa de fracaso escolar ou NEE non poidan rematar a ESO.
6. Promovelo autoconhecimento dos alumnos/as, sobre todo naqueles casos de grave indecisión.
7. Informar ó alumnado dos procesos de inserción á vida laboral e activa así como das técnicas de busca activa de emprego, promovendo en todo momento a capacitación dos alumnos/as para a súa propia autororientación.

2. ACTIVIDADES:

2.1 COS ALUMNOS:

1º ESO:

- Na hora semanal de tutoría incidirase no coñecemento da etapa educativa da ESO e na configuración do itinerario educativo ó longo da etapa. O levará a cabo o titor/a coa colaboración do D.O. sempre que así o considere o titor.
- Explicación dos criterios de promoción, titulación e sistemas de recuperación.

2º ESO:

- Asesorar para o autoconhecimento e a toma de decisións para elección de itinerario e optatividade no 3º curso de ESO en colaboración có titor.
- Explicación dos criterios de promoción, titulación e sistemas de recuperación.

3º ESO:

- Establecer unha primeira aproximación dos alumnos na toma de decisións para a elección de estudos ó rematar a ESO. Informar para a elección de itinerarios e optativas en 4º de ESO.
- Explicación dos criterios de promoción, titulación e sistemas de recuperación.

4º ESO:

- Informar puntualmente dos estudos académicos e profesionais, que incidirán no coñecemento dos estudos escollidos ó rematar este ano, tanto se consiguen o título de ESO como se non.
- Informar sobre técnicas de busca activa de emprego na hora semanal de tutoría.
- Explicación dos criterios de titulación e sistemas de recuperación de materias pendentes.

- Potenciar a través das TIC na sala de ordenadores do centro e nos ordenadores da biblioteca para que eles mesmos busquen a información que necesitan sobre estudos e profesións.
- Asistencia ás Xornadas de Orientación Académica celebradas no Concello de A Coruña.

Ademáis destas actividades programadas por niveis realizaranse as seguintes actividades, dirixidas a tódolos alumnos/as :

- Orientación individualizada a aqueles alumnos con graves problemas de indecisión.
- Información individualizada a aqueles alumnos/a que a demanden directamente no DO.

2.2. COS PAIS/NAIS:

- Entrevistas cos pais de alumnos/as que demanden información concreta.

2.3. COS TITORES/AS:

- Entrega de materiais e asesoramento para a posta en práctica das actividades a realizar cos alumnos, sempre que o titor así o demande.
- Reunións cos titores para informar das alternativas que se presentan ó remate da ESO e das optativas ó longo da etapa, asesorando o itinerario específico para cada alumno, si o titor así o considera.

2.4. NO PROPIO DEPARTAMENTO:

- Coordinación das outras actividades complementarias do Departamento de Orientación.
- Recompilación e actualización dos materiais de orientación.
- Colaboración co centro de Información Xuvenil do concello.
- Intervención directa cos alumnos cando a súa situación así o requira.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Será necesario avaliar todo o proceso de forma continua para detectar dificultades e solucionarlas de forma inmediata. A avaliación final atenderá aos seguintes criterios:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos inicialmente.
- Valorar a adecuación das actividades realizadas polo departamento ás necesidades e demandas dos titores.
- Valorar a repercusión das actividades da acción titorial no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Valorar o grao de implicación e satisfacción dos titores, alumnado e familias nas actividades realizadas.
- Analizar se os cauces de coordinación e reparto de responsabilidades axudaron a lograr os obxectivos propostos.
- Valorar a adecuación das actividades aos intereses de alumno/as, analizando a adecuación das técnicas e recursos empregados.

6-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Humanos: Profesorado, tutores, responsable do departamento de orientación, xefe de estudos, profesionais externos.

Do contexto: Equipos específicos de orientación, centros de recursos, centros da zona, inspección educativa, concello, empresas...

Materiais: Lexislación educativa vixente, cuestionarios e tests, programas específicos, etc.
Medios informáticos, bibliografía, medios de comunicación...

9- TEMPORALIZACIÓN

A avaliación inicial de necesidades e o deseño do Plan de Orientación iníciase no mes de setembro. A posta en práctica do plan e o seu seguimento iníciase en outubro. A programación do tempo está especificada para cada actividade en cada un dos ámbitos de intervención do Plan de Orientación, sen embargo, atenderanse puntualmente aquelas necesidades prioritarias que se presenten ou demanden ao longo do curso, tendo en conta as prioridades educativas, persoais e de formación dos alumno/as.

A avaliación final, propostas de mellora e comunicación de resultados realizarase no mes de xuño, ao finalizar o curso.

10.- CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

Cada un dos ámbitos de intervención do Plan ten especificados os seus propios criterios de avaliación, pero a avaliación global seguirá os seguintes pasos:

1ºAvaliación inicial: avaliación de necesidades.

2ºAvaliación do proceso: Durante o curso, recollida de información a través das reunións periódicas do D.O., analizando logros, dificultades e validez do propio programa (adecuación de actividades, de recursos, de tempos e espazos...) para propoñer os cambios necesarios.

3ºAvaliación final e comunicación de resultados: Ao finalizar o curso, realización da memoria anual cos datos aportados.

Os recursos empregados para a avaliación serán todos aqueles que aporten información válida sobre o desenvolvemento do plan e permitan detectar dificultades. Entre eles: a observación directa e reflexión sobre a propia práctica de todos os implicados, entrevistas e reunións, seguimento de alumnos, etc.

A Coruña, a 12 de setembro de 2023

Asdo.:G. Souto Rey

Departamento de Orientación

PROGRAMACIÓN DAS AULAS DE APOIO

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

IES Ramón Otero Pedrayo

A Coruña – Curso 2023/2024

1. INTRODUCCIÓN

Os mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica do Departamento de Orientación levarán a cabo a súa labor docente e exercerán as súas funcións seguindo a *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na CCAA de Galicia, regulada polo Decreto 120/1998, xunto coa lei vixente Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE)*. Asemade, a atención á diversidade rexerese polos **principios** de normalización e inclusión; equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia.

2. PROFESORADO

A xefatura do Departamento de Orientación recae en J. Guillermina Souto Rey. O profesorado para este curso 2023/2024 especialista en Pedagogía Terapéutica do Departamento de Orientación do IES Ramón Otero Pedrayo (A Coruña) está formado por Giovanna Fernández Rilo e Patricia Cinza Sanjurjo, mestras provisionais a tempo completo.

3. AULAS DE APOIO

O desenvolvemento do apoio educativo realizarase, con carácter xeral,

dentro da aula ordinaria do alumnado a que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, segundo a *ORDE do 8 de setembro de 2021*.

O IES Ramón Otero Pedrayo conta con dúas aulas destinadas a este fin: unha na planta baixa e outra no soto do edificio principal. Nestas aulas contamos con material informático, bibliográfico e didáctico, así como materiais funxibles adaptados ás necesidades do alumnado ao que apoiamos.

4. ALUMNADO

Despois dunha primeira avaliación baseada na análise dos informes pedagóxicos previos, nas memorias do departamento de orientación de cursos anteriores, así como nas sesións de avaliación inicial levadas a cabo a principio do mes de outubro (os días 2, 4 e 9), a previsión das actuacións do profesorado de Pedagogía Terapéutica irán encamiñadas a **atención á diversidade** do alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo: por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Buscaremos que o alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Atenderase de forma prioritaria ao alumnado que conta con AC, tamén

será atendido o alumnado que precise RE.

5. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

Os **obxectivos xerais** como profesorado de Pedagogía Terapéutica, formando parte do Departamento de Orientación do centro, son os seguintes:

- Desenvolver un ensino inclusivo e integrador.
- Contribuír á coordinación dentro da comunidade educativa.
- Atender ás necesidades singulares do alumnado no marco da Atención á Diversidade.

Estes obxectivos xerais pódense desagregar a través dos **obxectivos específicos** a nivel de alumnado, familias e profesorado.

A nivel de alumnado:

- Favorecer a adquisición das competencias clave.
- Alcanzar os obxectivos didácticos propostos para cada alumno.
- Favorecer a integración na vida diaria do centro e nas súas actividades.
- Favorecer o desenvolvemento socio-afectivo do alumnado.

A nivel de familia:

- Facilitar a relación e o contacto entre as familias e os membros da comunidade educativa.

A nivel de profesorado:

- Coordinarnos cos titores e especialistas que imparten docencia ao alumnado ao que apoiamos.
- Contribuír ó asesoramento do profesorado en materia de diversidade.
- Asesorar ó profesorado na selección de estratexias didácticas e

recursos materiais, así como deseñar a metodoloxía e a avaliación máis adecuada para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

6. PRINCIPIOS, ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E MEDIDAS

Para acadar os obxectivos da inclusión educativa, social e laboral (art. 75 da LOMLOE) e da equidade e compensación das desigualdades en educación (Capítulo II, art. 80 da LOMLOE), empregaremos os seguintes principios e estratexias metodolóxicas beneficiosos a nivel xeral para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo:

- Aprendizaxes significativos.
- Partir de situacións-problemas con aprendizaxes contextualizados.
- Enfoque globalizador.
- Peculiaridades de cada alumno e alumna.
- Interacción mestra-alumnado.
- Fomento do coñecemento que ten o alumnado sobre o seu propio aprendizaxe.
- Fomento dun clima escolar de aceptación mutua e cooperación.
- Traballo colaborativo.
- Utilización de diferentes fontes de información.
- Priorizar a reflexión e o pensamento crítico do alumnado, así como a aplicación do coñecemento fronte á aprendizaxe memorístico

- Potenciación ducha metodoloxía activa, participativa e investigadora.

Asemade, algunhas estratexias para o desenvolvemento do ensino-aprendizaxe e das competencias clave son o reforzo positivo, aprendizaxe sen erro, modelado ou a técnica dos centros de interese.

Tendo en conta o establecido no *Decreto 229/2011 do 7 de decembro de atención á diversidade con alumnado e a Orde 8 de setembro do 2021 de atención á diversidade* se poderán levar a cabo as seguintes medidas ordinarias e extraordinarias:

Medidas ordinarias:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

Medidas extraordinarias:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Programas de diversificación curricular.
- f) Programas de cualificación profesional inicial.
- g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- h) Grupos de adquisición das linguas.
- i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

7. RECURSOS

Nesta programación distínguense tres tipos de recursos: humanos, materiais e organizativos.

HUMANOS

Nos recursos humanos é preciso ter en conta os seguintes:

- Dúas mestras especialistas de Pedagogía Terapéutica como medida extraordinaria de atención á diversidade.
- Profesorado de materia e titores.
- Alumno e familias.
- Departamento de Orientación e organismos como EOE e CAFI.

MATERIAIS

En canto ós recursos materiais é preciso utilizar materiais variados e adaptados á diversidade e ás necesidades do alumnado. Nas aulas de apoio contamos con material informático, bibliográfico e didáctico, así como materiais funxibles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe adaptado ao alumnado ao que apoiamos.

ORGANIZATIVOS

Respecto ós recursos organizativos cabe ter en conta o seguinte:

- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións trimestrais cos centros adscritos.
- Coordinación entre os diferentes titores.
- Atención a pais/nais ou titores legais.
- Coordinación cos servizos externos.

8. TEMPORALIZACIÓN

Esta programación será desenvolvida ó longo do presente curso académico 2023/2024.

Destacar que as nosas intervencións serán flexibles, podendo ser modificadas en función dos resultados das avaliacións levadas a cabo co alumnado, polo ritmo da evolución dos aspectos traballados, pola detección de novas necesidades e a atención ó alumnado de nova incorporación ao centro.

O horario lectivo dos especialistas de Pedagogía Terapéutica está regulado pola *Orde do 23 de xuño de 2011 modificada pola Orde do 4 de xuño de 2012*.

9. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Para avaliar a práctica docente dos especialistas de Pedagogía Terapéutica propóñese establecer unha serie de **criterios de avaliación** recollidos nunha **lista de control** referidos a, entre outros aspectos: a atención ó alumnado con neae; a práctica docente e o desenvolvemento do currículo; a organización da aula de Pedagogía Terapéutica e dos recursos; a coordinación co Departamento de Orientación; a relación cos membros da comunidade educativa, etc.

INDICADORES	Si	En parte	Non
Desenvolver de forma apropiada as medidas de atención á diversidade para o alumnado con neae.			

Propor obxectivos para o alumnado con neae enfocados ao logro das competencias clave, partindo dos obxectivos establecidos con carácter xeral nos Decretos de currículo correspondente.			
Desenvolver unha metodoloxía apropiada ás características, necesidades, estilos e ritmos de aprendizaxe do alumando con neae.			
Propiciar o desenvolvemento académico, persoal e social do alumando con neae.			
Desenvolver adecuadamente as Adaptacións Curriculares deseñadas para o alumando con neae.			
Propiciar un ambiente estimulante de traballo na aula de Pedagogía Terapéutica.			
Preparar as sesións de apoio con esforzo.			
Construír relacións profesionais co profesorado do centro e co equipo directivo.			
Coordinarse adecuadamente co Departamento de Orientación.			
Reflexionar sobre o propia práctica docente.			

Asistir e participar activamente nas reunións e actividades do centro.			
Facilitar a colaboración das familias co centro e a implicación dos mesmos na educación dos seus fillos.			

As mestras de Pedagogía Terapéutica

Giovanna Fernández Rilo

Patricia Cinza Sanjurjo